

# O DOTE

**ANTONIO FRAGUAS**  
«CANTIGUEIRO DE COTOBADE»

Vinde acá mulleres  
rapaces e todo  
vinde ver o dote  
que me deu meu sogro.

Unha cabra cega  
un cabrito coxo  
unha vaca vella  
e un becerro mono.

Unha manta vella  
cun remendo novo  
unha arca chea  
de pan de centeo,  
unha porca grande  
e un porco pequeno.

*Antonio Fraguas Fraguas*




# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

17 DE MAIO 2019




# ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

(1905-1999)

 Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

 Seminario Galán.org

# ANTONIO FRAGUAS

Antonio Fraguas Fraguas naceu no lugar de Insuela, no concello de Coto-bade, en Pontevedra, o 28 de decembro de 1905. Os estudos primarios realizounos nas escolas do seu concello seguindo o bacharelato en Pontevedra e posteriormente os estudos de Filosofía e Letras na universidade de Santiago.



Antonio, cando tiña un ano, coa súa nai, o seu tío e as súas tías. Fondo Museo do Pobo Galego.

Durante a súa estancia en Pontevedra fundou a Sociedade da Lingua, dedicada á defensa do idioma galego e á confección dun dicionario.

En 1923 fundouse o Seminario de Estudos Galegos co obxectivo de defender a cultura galega e nel vaise integrar Antonio despois da súa chegada a Santiago, no ano 1928.


Foi profesor na universidade e catedrático de instituto na Estrada, Lugo e Santiago.

A súa vida estivo dedicada completamente ao estudo dos costumes, das festas, da xeografía, do folclore e de todas as manifestacións populares de Galicia escribindo unha chea de libros e artigos para revistas e xornais sobre estes temas.

Ingresou, en 1956, na Real Academia, ocupando a cadeira que deixara vacante Alfonso R. Castelao.

Cando se inaugurou o Museo do Pobo Galego, no ano 1977, foi nomeado director e durante o seu mandato restaurouse o Mosteiro de San Domingos de Bonaval.

O 5 de novembro de 1999 faleceu na cidade de Santiago aos de 93 anos por mor dun infarto, sendo soterrado no cemiterio compostelán de Boisaca.



Este ano, a Real Academia Galega dedícalle, polo seu labor en defensa da nosa cultura, o Día das Letras.